



LUÍS TEIRA PARADA, Concelleiro do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte solicitude ante o Pleno da Corporación Municipal e ante o Alcalde en relación coa demanda do **arranxo das luces dos campos de fútbol da Fieiteira.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O campo de fútbol de A Fieiteira é unha instalación deportiva municipal que ten moito uso e demanda por parte dos equipos de fútbol da nosa localidade.

Esta instalación non está sendo o suficientemente coidada, xa que entre as deficiencias que presenta está o mal funcionamento das luces do campo o que provoca moitas dificultades para que os equipos poidan adestrar de xeito adecuado. Situación especialmente grave xa que hai preto de 150 rapaces/zas, moitos de curta idade, que adestran nesas instalacións.

Coa chegada do inverno, tamén se dificulta o correcto desenvolvemento dos partidos oficiais xa que a ausencia de luz dificulta tanto xogar o partido como a axeitada visualización do mesmo por parte do público. Correndo o risco de que os árbitros dos partidos teñan que suspender os encontros pola ausencia de luz.

Polo tanto o Grupo Municipal do BNG

SOLICITA:

O **arranxo inmediato das luces**, tanto do campo de céspede natural como o do céspede artificial, da Fieiteira.

Ribeira, 22 de Novembro de 2007

Asdo.: Luís Teira Parada

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA